

ACTA DA COMISIÓN DE VALORACIÓN DA CONVOCATORIA DE AXUDAS AO SECTOR ESCÉNICO E MUSICAL, NA SÚA MODALIDADE “B” (AXUDAS Á DISTRIBUCIÓN) PARA O ANO 2007, PUBLICADAS POR RESOLUCIÓN DA XERENCIA DO IGAEM DO 15 DE DECEMBRO DE 2006 (D.O.G. Nº 12, DO 17 DE XANEIRO DE 2007).

En Santiago de Compostela, na Sala de Xuntas do **IGAEM**, sendo as 12:00 horas do día 19 de abril de 2007, reúnense en terceira e última xuntanza sinalada no día de hoxe as persoas relacionadas seguidamente e que compoñen a Comisión de Valoración designada para a avaliación dos proxectos presentados para as axudas ao sector escénico e musical, na súa modalidade “**B**” (axudas á distribución), subtipo **B-3**, correspondentes ao ano 2007; estando presentes os seguintes membros:

PRESIDENTE: D. Miguel Angel Martín Fernández (Xerente do **IGAEM**)

VOGAIS: D. Xavier Campos López (Xefe do Gabinete Técnico do **IGAEM**)
D^a María Paredes Rodríguez (Coordinadora de actividades externas do **IGAEM**)
D^a. Marcelina Calvo Domínguez (Coordinadora de actividades internas do **IGAEM**)
D^a. Belén Tabernero Alejandro (Xefa do Servizo Administrativo do **IGAEM**)

TÉCNICO INVITADO: D. David Díaz González (Licenciado en C. Políticas do **IGAEM**)

SECRETARIA: D^a Paula Villasenín Parrado (Asesora do Departamento Xurídico do **IGAEM**)

Procédese en primeiro lugar a dar por aberta a sesión, e seguidamente a realizar a lectura e posterior sinatura da acta da xuntanza anterior; acto seguido procédese a comprobar e iniciar a revisión da documentación presentada polas entidades aspirantes á presente convocatoria de axudas, na súa modalidade **B-3** (Axudas á promoción e á difusión musical), correspondente á documentación complementaria requirida dentro do prazo de **dez días hábiles**, segundo o establecido na Base Sexta, así como a documentación específica consignada no apartado 5ºb) do Capítulo VI da convocatoria de axudas ao sector escénico e musical para o presente ano; deducíndose e observándose respecto deste punto que todas elas tiveron entrada nas dependencias deste rexistro, noutro rexistro oficial ou nas oficinas e servizos consignados no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, dentro do prazo establecido nas bases, enviándose por medio de fax -ou por outro medio notorio que permitira ter constancia fidedigna da remisión da documentación presentada dentro do prazo límite de presentación- as instancias debidamente cumprimentadas (o prazo final de presentación das instancias para a modalidade **B-3** finalizou o pasado 17 de febreiro de 2007, segundo o previsto no apartado 7º do Capítulo VI da convocatoria); polo que todas elas quedarían admitidas, nun primeiro momento, na presente convocatoria.

A continuación procédese a confirmar a **EXCLUSIÓN** das participantes, “**CIELO DE ANTENAS, S.C.**”, “**MÚSICAS DE SALITRE, S.C.**”, “**CHOCOLATE EDITORA, S.C.**”, e

“WONDERLAND, S.C.”, ao non cumprir coa condición esencial e necesaria, esixida nas bases da convocatoria, concretamente no punto 2º do Capítulo VI, apartado c), en relación cos requisitos específicos que deben cumprir os beneficiarios da modalidade *B-3 (axudas á promoción e difusión musical)*, ao concluírse que, resultando as catro sociedades e revestindo a figura de sociedades civís, non poderían estar incardinadas no ámbito subxectivo desta submodalidade de axuda; polo que proceder acordar de forma definitiva o rexeitamento da súa solicitude e a súa exclusión das axudas por non cumprir co punto 2º.c) do Capítulo VI das presentes bases.

Seguidamente, acórdase comprobar e iniciar a revisión da documentación presentada polas entidades aspirantes a esta convocatoria de axudas, xa requiridas na anterior xuntanza desta Comisión de Valoración, correspondente á documentación complementaria requirida ás aspirantes á modalidade **B-3 dentro do prazo de dez días hábiles**, segundo o establecido na Base 7.1.; deducíndose e observándose respecto deste punto que todas elas tiveron entrada nas dependencias deste rexistro, noutro rexistro oficial ou nas oficinas e servizos consignados no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, salvo a empresa solicitante **“PRODUCCIONES EL GATO COLIBRÍ, S.L.”** tendo finalizado o prazo do requirimento o día 31 de marzo de 2007, non se aportou por esta compañía a documentación preceptiva requirida; polo que establécese que as restantes instancias pasen á segunda fase de baremación dos proxectos, agás a presentada por **GATO COLIBRÍ, S.L.**, por non ter presentado no prazo establecido regulamentariamente a documentación requirida, e en cumprimento da Cláusula SÉTIMA, epígrafe 1.2º das presentes bases.

Con respecto ás solicitudes de axudas presentadas para esta modalidade, compróbase que -da revisión da documentación achegada polas entidades aspirantes, así como da documentación preceptiva requirida no tempo e forma debidos-, compróbase que as solicitantes **“NALGURES PRODUCCIÓN, S.L.”** e **“FALCATRUADA IMAXE E MÚSICA, S.L.L.”** (que presentaron varias solicitudes a diversos proxectos musicais), aportan coa documentación reclamada no requirimento do pasado 19 de marzo de 2007, parte das memorias dos proxectos de promoción musical que faltaban, presentándose mesmo polo aspirante **FALCATRUADA IMAXE E MÚSICA, S.L.L.** un escrito instando a RENUNCIA a dous do total dos cinco proxecto que presentou no seu día, concretamente aos proxectos titulados como **“Sihá”**, de **Mercedes Peón**; e **“Vente Vindo”**, do grupo tradicional **FÍA NA ROCA**.

Canto a **NALGURES PRODUCCIÓN, S.L.**, e malia a que non presentou coa documentación requirida un escrito expresando a súa renuncia a dous dos tres proxectos presentados, infírese da memoria do proxecto que achega (e que se cingue unicamente ao proxecto denominado **“Vida Miña”**, do músico **Emilio Rúa**), que renuncia tacitamente aos outros dous proxectos achegados, titulados **“Diacronía”**, de **LIZGAIRO**, e **“Trastempo”**, do grupo **SonDeSeu**; polo que, con respecto a estas instancias, cabe acordar a renuncia polas indicadas entidades solicitantes aos ditos proxectos artísticos.

Finalmente, iníciase a avaliación e baremación dos proxectos completos, presentados polas empresas aspirantes, con base na documentación achegada por cada un deles dentro do prazo requirido para o efecto (e á espera de que esta sexa completada nos supostos precisos), co fin de efectuar o seu pertinente exame e posterior adxudicación da subvención, con base no proxecto musical presentado e o orzamento estimado para a súa promoción e difusión; resultando da avaliación inicialmente efectuada o seguinte informe de

adxudicación provisional de axudas para a modalidade B-3, emitido pola Comisión de Valoración consonte co establecido nas cláusulas 7ª apartado 3 e 8ª apartado 4, así como no epígrafe 4º.b) do Capítulo VI da convocatoria, xuntándose á presente acta no cadro relacionado como **ANEXO I** -que se achega e forma parte inseparable dela-, e elevándose ao órgano instrutor para que, á súa vez, emita a proposta de resolución ao Consello Reitor do IGAEM.

E sendo as 14:45 horas do día 19 de abril de 2007, non tendo máis que valorar e non habendo outras incidencias, procédese a dar por rematada a presente xuntanza, levantándose e asinándose esta acta, en representación dos restantes membros, polo Presidente e a Secretaria da Comisión de Valoración para constancia de canto antecede e en proba de conformidade co seu contido.

O Presidente da Comisión
Asdo.: Miguel Martín Fernández
Parrado

A Secretaria da Comisión
Asdo.: Paula Villasenín

ANEXO I

INFORME DA COMISIÓN DE VALORACIÓN **AXUDAS Á DISTRIBUCIÓN**

(Valoración dada ás instancias presentadas para esta modalidade, consonte cos criterios previstos no apartado 4º do Capítulo VI da convocatoria de axudas do **IGAEM** ao sector escénico e musical):

Modalidade B-3 (Axudas para a promoción e difusión musical)

PERSOA SOLICITANTE	Nº REX.	NOME DO PROXECTO	PUNTUAC	CONTÍA CONCEDIDA
ZOUMA PRODUCCIONES, S.L.	359	<i>Disco MUTENROHI</i> (sen título)	65	0 €
ZOUMA PRODUCCIONES, S.L.	360	<i>"MISTURADOS"</i> (Cristina Pato)	80	11.500 €
PAI EDICIÓNS, S.L.	379	<i>Proxecto "Los Fulanitos de Tal"</i>	65	0 €
PAI EDICIÓNS, S.L.	380	<i>"Ruxe Ruxe Top"</i> (RUXE RUXE)	70	0 €
PAI EDICIÓNS, S.L.	381	<i>"O Pirimpimpín"</i> (MALVELA)	70	0 €
PAI EDICIÓNS, S.L.	382	<i>Prox. Miguel Costas & Banda Turca</i>	70	0 €
PAI EDICIÓNS, S.L.	383	<i>Disco Magín Blanco</i> (sen título)	70	0 €
PAI EDICIÓNS, S.L.	384	<i>"eRocktile disFunktion..."</i> (Moon Cresta)	70	0 €
PAI EDICIÓNS, S.L.	385	<i>Disco JABON BLUE</i> (sen título)	70	0 €
PAI EDICIÓNS, S.L.	386	<i>"SETE SAIAS"</i> (Sete Saias)	75	6.970,44 €
PAI EDICIÓNS, S.L.	387	<i>"YUNTAMON"</i> (Batuko Tabanka)	70	0 €
PAI EDICIÓNS, S.L.	388	<i>Disco SEÑORA CARMEN</i>	70	0 €
NALGURES PRODUCCIÓN, S.L. (PROXECTO "C")	401	<i>"Vida Miña"</i> (Emilio Rúa)	75	11.500 €
LA FÁBRICA DE CHOCOLATE, PRODUCCIONES MUSICALES, S.L.	415	<i>"Effecto Faltriqueira"</i> (Faltriqueira)	75	9.000 €
FALCATRUADA IMAXE E MÚSICA, S.L.L.	555	<i>Disco "Ao vivo"</i> (NORDESTIN@S)	85	11.500 €
FALCATRUADA IMAXE E MÚSICA, S.L.L.	557	<i>"Desafinante Crónica"</i> (Silvia Penide)	60	0 €
FALCATRUADA IMAXE E MÚSICA, S.L.L.	558	RENUNCIA		
FALCATRUADA IMAXE E MÚSICA, S.L.L.	559	RENUNCIA		
FALCATRUADA IMAXE E MÚSICA, S.L.L.	560	<i>Proxecto Loretta Martín</i> (sen título)	70	0 €
SONS GALIZA COMUNICACIÓN, SL	598	<i>Disco María Mariño</i> (sen título)	65	0 €
SONS GALIZA COMUNICACIÓN, SL	599	<i>Disco "Intres"</i> (BRATH)	75	7.500 €
SONS GALIZA COMUNICACIÓN, SL	600	<i>Disco "Xúa"</i> (XÚA)	65	0 €
OUVIRMOS, S.L.	629	<i>"Revolution Dance"</i> (GALEGOZ)	75	7.500 €

CIELO DE ANTENAS, S.C.*	402	<i>Proxecto “Nadadora”</i> (sen título)		0 €
MÚSICAS DE SALITRE, S.C.*	403	<i>“Coplas para Icia”</i> (Xabier Díaz)		0 €
CHOCOLATE EDITORA, S.C.*	416	<i>Proxecto “Artistas de Chocolate Editora”</i>		0 €
WONDERLAND, S.C.*	596	<i>A Caricia da Serpe</i> (sen título)		0 €
PRODUCCIONES “EL GATO COLIBRÍ, S.L.”**	698	<i>“Aires Nuevos”</i> (Pablo Bicho)		0 €

IMPORTE TOTAL ADXUDICADO:

65.470,44€

* EXCLUÍDOS por incumprimento dos requisitos específicos da modalidade B-3, recollido no punto 2º.c) do capítulo VI (non figurar como sociedade mercantil adicada á actividade de produción e distribución no ámbito da música)

** EXCLUÍDO por incumprimento dos requisitos xerais previstos na convocatoria de axudas, Base 7ª, epígrafe 1.2º, do Capítulo III (non presentar a documentación preceptiva reclamada dentro do prazo estipulado no requirimento).